OITO DE MARZO
DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES

8M

COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE
SANTIAGO
CONCELLARÍA DE IGUALDADE

[1] PRESENTACIÓN

[2] ACTUACIÓNS

[3] OS AXENTES SOCIAIS

[4] DATOS DE CONTACTO

[1] PRESENTACIÓN

No ano 1975, a ONU celebrou por primeira vez o 8 de Marzo como Día Internacional das Mulleres. Esta data, que xa desde comezos do século XX fixaron no calendario internacional as reivindicacións dos movementos sufraxistas e sindicalistas de mulleres, adquiriu unha dimensión global desde o punto de vista institucional como espazo de converxencia das accións dirixidas a promover os dereitos das mulleres e a súa participación na vida política e económica.

Desde a Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago consideramos que eses esforzos por converxer nas actuacións encamiñadas á promoción da igualdade deben basearse en traballar cunha perspectiva máis ampla e moito máis aló dun só día. Neste marco, propoñemos o desenvolvemento dunha campaña que abrangue varios meses, co obxectivo de traballar con diferentes colectivos e axentes sociais de Compostela para promover sinerxias e fomentar a participación social no deseño e execución do proxecto **Compostela, Territorio das Mulleres.**

As cidades son espazos de convivencia, de tránsito de persoas, de experiencias vitais, de traballo, de lecer, de aprendizaxes... Son lugares onde converxen realidades e necesidades diversas, o urbano e o rural, pero tamén territorios onde se xeran desigualdades no acceso aos recursos, no acceso aos servizos, no goce dos dereitos sociais, económicos e culturais e onde a fenda de xénero as atravesa todas. As cidades son o que son as persoas que as habitan, que as visitan, que van e veñen, que ocupan os espazos privados e, sobre todo, as **cidades son o que son as persoas que fan os espazos públicos**. Por todo isto queremos traballar para implicar aos sectores sociais e económicos de Compostela na construción da cidade que queremos: máis accesible, máis inclusiva e máis igualitaria **porque unha cidade pensada para as mulleres é unha cidade mellor para toda a cidadanía.**

5 MARZO GALADAS

Ás 21 h na
SALA CAPITOL

Un espectáculo de **Mercedes Peón**,
coa colaboración de artistas
de distintas disciplinas

CAMIÑOS DA AUGA

Paseos con **Encarna Otero**,
polas fontes o 13 de marzo
e polos lavadoiros o 17 de abril

VIDA PROPIA

Obradoiros para o empoderamento
das mulleres do rural

INSCRICIÓNS
Nos centros socioculturais de
Marrozos, Enfesta e Villestro.

programavidapropia@gmail.com
Tlf: 981 680 174

ENFESTA

8, 15, 17, 22 e 29 de marzo
de 18 ás 19 h.

MARROZOS

14, 18, 21, 28 de marzo e 4 de abril
de 18.30 ás 19:30 h.

VILLESTRO

9, 16, 23, 30 de marzo e 6 de abril
19 ás 20 h.

OITO DE MARZO
DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES

LITERARIAS

As escritoras fanse visíbeis
nas librarías de Compostela

PREMIO
Xohana Torres

Ensaios e creacións audiovisuais sobre
a memoria histórica das mulleres
de Compostela

TIMI

COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE SANTIAGO
CONCELLARÍA DE IGUALDADE

ENTRADA DE BALDE
A TODAS AS
ACTIVIDADES

[2] ACTUACIÓNS

A campaña **Compostela, Territorio das Mulleres**, impulsada pola Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo consta de varios proxectos que se veñen desenvolvendo desde o mes de febreiro en Santiago de Compostela e cuxos principais obxectivos son: visibilizar as achegas das mulleres en diferentes ámbitos e implicar á cidadanía na construción dun modelo de cidade máis amigable para/coas mulleres.

1. CREACIÓN DUN MAPA FEMINISTA DE COMPOSTELA. Co obxectivo de impulsar a creación da marca **Compostela, Territorio das Mulleres** crearase un mapa que servirá para, por unha banda, poñer en valor **lugares e espazos** que teñen relevancia no relato histórico das mulleres da cidade e, por outra, apoiar e promover aos **axentes sociais** e **económicos** que fan unha aposta pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en Compostela. Imos comezar por abrir o proceso ao sector da hostalería e o turismo de Compostela, para que valoren que contidos poderían incorporar, desde esta perspectiva, nas súas prácticas e espazos, compromisos que se farán públicos a través do mapa. Ao mesmo tempo, o mapa servirá para explorar unha dimensión turística orientada a facer de Compostela unha cidade *women friendly*, cuxo selo axudará na consolidación da capital galega como destino turístico.

UN ESPECTÁCULO DE

MERCEDES PEÓN

COA COLABORACIÓN DE

JANET NOVÁS

MÓNICA DE NUT

LUCÍA ALDAO

YOLANDA CASTAÑO

ANA GARCÍA

LUCINDA

E AS TOCADORAS DE TOUTÓN

5 MARZO

ás 21 h na

SALA CAPITOL

ENTRADA DE BALDE

GALADAS

OITO DE MARZO
DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES

IMI

COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE

2. GALADAS. Co fin de festexar o 8 de Marzo e de presentar **Compostela, Territorio das Mulleres**, terá lugar un espectáculo multidisciplinar o día 5 de marzo, na Sala Capitol, dirixido por Mercedes Peón e en colaboración con diferentes mulleres de diversas disciplinas artísticas: Janet Novás, Mónica de Nut, Lucía Aldao, Yolanda Castaño, Ana García e o broche final das tocadoras de Toutón. Un espectáculo apoiado na intervención sonora e visual mediante danza, vídeo e performance, que servirá para compartir con todas e todos vós o comezo desta aventura. A entrada será de balde e poderá recollerse no portelo de entradas da Sala Capitol.

3. LITERARIAS. A través desta iniciativa convidamos ás librarías e editoriais de Compostela a que se impliquen na promoción da igualdade de xénero. Concretamente, propoñémoslles que destaquen nos seus escaparates, zonas visibles, tendas en liña, redes sociais e páxinas web, escolmas de libros escritos por mulleres e/ou de pensamento feminista. Trátase de poñer en valor a escritura de autoras [a través da poesía, a literatura, o teatro, o ensaio, a banda deseñada etc.] que fomente os dereitos das mulleres, visibilice a loita feminista e permita ollar máis aló dos estereotipos sexistas. Está previsto o seu desenvolvemento do **1 ao 10 de marzo**.

4. CAMIÑOS DA AUGA: AS FONTES E OS LAVADOIROS. *As Fontes.* Antigamente as mulleres carrexaban auga para achegala a determinados lugares. A intención é visitar algunhas das fontes máis emblemáticas da cidade e falar doutras que están noutros lugares, ou que xa non existen. Ao redor delas achegarémonos á historia das mulleres e do seu labor cotián. O paseo das fontes está previsto para o 13 de marzo.
Os Lavadoiros. O 17 de abril tamén se realizará un paseo por varios lavadoiros de Compostela, falando sobre os usos que lles daban as mulleres. Ámbolos dous paseos estarán guiados pola palabra de Encarna Otero.

5. VIDA PROPIA. OBRADOIROS PARA O EMPODERAMENTO DAS MULLERES NO RURAL. Co obxectivo de mellorar a posición social das mulleres de Compostela que viven en contornas rurais, coa posta en marcha do *Programa Vida Propia* preténdese crear espazos de encontro que contribúan á autonomía das mulleres e ao desenvolvemento da súa plena cidadanía. Espazos para reflexionar sobre o seu papel na sociedade, as súas achegas, que sirvan para configurar a autoría da súa propia vida, desenvolvendo estratexias para aumentar a capacidade de decisión en diferentes ámbitos, crear novos espazos, xestionar os tempos e, en definitiva, valorar a vida propia.

6. PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO E CREACIÓN AUDIOVISUAL. Ensaios e Creacións Audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela. O 8 de marzo abrirase o prazo de convocatoria do I Premio Xohana Torres de ensaio e creación audiovisual. Trátase da recuperación dun premio, interrompido en 2012, cuxos case 20 anos de vixencia o converteron nun símbolo da cidade.

Estamos traballando para que todas estas dinámicas teñan un fío conductor a nivel visual e tamén a través dunha plataforma participativa dixital, cuxa implementación irá máis aló do mes de marzo para permitir recoller as suxestións e as opinións da cidadanía sobre o Mapa de Compostela.

Na páxina web do Concello poderase consultar a información actualizada respecto de cada unha destas actuacións. Asi mesmo, distribuirase material de difusión das mesmas en boa parte dos establecementos da cidade.

[3] OS AXENTES SOCIAIS

Seguindo as dinámicas de traballo empregadas pola Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago desde o seu deseño e creación, **Compostela, Territorio das Mulleres** é unha acción deseñada desde unha perspectiva transversal e comunitaria, buscando a implicación de diferentes departamentos municipais e axentes sociais, económicos e culturais da cidade.

AXENTES PROMOTORES

Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo

Área de Igualdade/CIM

Área de Turismo

AXENTES MOTORES

Sector da Hostalería e Turismo

Asociacións sectoriais

Librarías

Editoriais

Axentes sociais e económicos da cidade

Asociacións de mulleres

Mulleres expertas en diferentes ámbitos

AXENTES COLABORADORES

Concellaría de Medio Rural e Equilibrio Territorial

Rede de Centros Socio-Culturais

[4] DATOS DE CONTACTO

Para participar en GALADAS, LITERARIAS, CAMIÑOS DA AUGA ou MAPA FEMINISTA DE COMPOSTELA poden chamar, enviar SMS ou Whatsapp ao número de teléfono **646 003 343** ou escribir ao enderezo territoriodasmulleres@gmail.com

Para participar no programa VIDA PROPIA poden chamar ao número de teléfono **981 680 174** ou escribir ao enderezo programavidapropia@gmail.com

OITO DE MARZO
DÍA INTERNACIONAL
DAS MULLERES

8.M

COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE
SANTIAGO
CONCELLARÍA DE IGUALDADE